

Comentarios no blog do ies Sánchez Cantón no curso 2007-2008

1. O libro non estivo mal pero non é dos que mais me gustan; non é dos meus favoritos posto que ó meu parecer ao libro fáltalle un desenlace mais claro, o autor apresúrase en rematar o libro. Pero por todo o demais o libro amosa como unha persoa non pode vivir sen identidade, todos os problemas que pode ter se perde a documentación. Don Olimpio Montes quería vivir unha vida sen ataduras e sen problemas e o final tivo máis dos que tiña antes. A súa esposa tivo que solucionar moitos dos problemas que ían xurdindo ao longo dos días. Acabando peor do que estaba, tomárono por tolo, cousa que a ninguén lle gusta. O libro distingue varias partes: na primeira parte ou introdución don Olimpo Montes argalla os plans para desaparecer do mundo coma vivo que é; na segunda parte ou desenrolo xorden os problemas que levan a don Olimpo Montes e a súa familia ao desaprobo social e as malas faladurías e no desenlace Don Olimpo ... A miña opinión persoal manifesta que a historia deste libro non é suficientemente interesante e resulta monótono na súa lectura, teño lido outras mellores ca esta. **(Sofia)**

2. *Maldito DNI* non foi un dos libros que máis me gustou dos que lin este trimestre. Cando o collín pensei que sería divertido ler unha novela que tivese que ver cun documento que todos posúemos e que algunha vez poderíamos sentir identificados co **protagonista**. Sen embargo, ten unha trama bastante simple, onde o final se pode deducir facilmente. Por un lado, chamoume a atención as intencións de Olimpio, pois opino que a ningunha persoa lle gustaría "desaparecer" e que a xente, incluíndo a túa familia, pense que estás morto. Non creo que pagase a pena pasar o resto da túa vida encerrado na casa e falando só coa túa muller, só por non pagar a facenda. Estes detalles móstranos a loucura de Olimpio. Por outra banda, creo que a muller non debería ser cómplice do engano, porque ó final é ela quen debe dar a cara fronte ós demais. O que máis me gustou foi a parte onde o capitán Montero inicia a investigación do protagonista, xa que sempre me encantaron as novelas de detectives. En conclusión, esta novela non me entusiasmou moito, pero pareceume unha historia curiosa sobre a opinión que ten un home do DNI. **(Teresa)**

3. Paseino moi ben lendo este libro, pois rin moitísimo no capítulo do enterro e tamén cando el falaba e asustaba as persoas que o crían morto. O que menos me gustou foi o desenlace, esperaba outra cousa e non que el fose a ... A muller tamén tiña a súa graza cando botaba a xente da casa. En xeral moi ben, recoméndoo. O libro pon de manifesto o difícil que é vivir nesta sociedade sen estar documentado, porque sen un número non existes. **(Fátima)**

4. Este libro gustoume tanto polo tema coma pola forma de contalo. Polo tema porque o protagonista ten moi ben planado todo sobre a súa morte (a excepción do contratepoco coa caixa) e pola forma de contalo porque hai veces en que o corta en partes moi interesantes. Gustoume todo o libro en xeral, pero en especial as partes nas que o protagonista lle peta no cristal do coche ao portugués e lémbrale a débeda e cando chama tamén ao portugués para que pague toda a débeda, que non intente enganar á muller do protagonista. O que menos me gustou foi que o protagonista non cambiara de parecer aínda que todo o plan lle saíse ... Gustáronme todos os personaxes porque son moi reais, aínda que non me gustou que o protagonista

pensase o mesmo aínda que ... e que se burlase dun garda civil. En resumo, gustoume o libro e recoméndollo a aqueles que queiran pasar un bo rato, e que ademais ,e curto. **(M. Teresa)**

5. O libro *Maldito DNI* non é que me gustase moito pero e moi fácil de ler e non é aburrido. O libro cóntanos como un home fai que perde a súa identidade e mostra as complicadas situacións que el e a súa muller pasan por culpa desa idea de facer que morrera. O único que non me agradou é o remate que ten, porque penso que un final distinto na historia quedaría mellor. Recomendo o libro xa que no fondo é interesante e aínda ris. **(Elena)**

6. En xeral o libro é entretido aínda que ten pouco argumento e é moi predicíbel. Non me parece ben a decisión que tomou o señor Olimpio Montes de non consultar con Leonor, a súa muller, a decisión de "morrer" xuridicamente aparte do susto que levou Leonor cando un veciño lle deu o pésame. A historia transcorre moi rápido. Unha das anécdotas máis curiosas foi cando o pararon no control de tráfico. A multa que lle puxeron, a noticia de periódico, e as investigación que comeza a facer o capitán Montero para recuperar o seu prestixio. Estas investigacións coincidiron coas que fixo o doutor Moldes xa que a morte do seu amigo Montes pareceulle moi rara. Outra cosa coa que non estou de acordo é que os fillos non se enteirasen de que o seu pai estaba vivo ata que se descubriu todo. O final do libro é algo curioso xa que ... **(Pedro)**

7. O libro, aínda que certamente raro, basease nunha idea interesante. De todos os modos o feito de simular a morte dun mesmo para a sociedade e poder levar unha vida aparentemente normal é algo que semella difícil, como se pode ver no libro; Olimpio é finalmente ... Non podo dicir que sexa unha historia emocionante ou excesivamente entretida, non é un libro que crease en min un especial interese; dende o meu punto de vista o autor non lle sacou todo o partido posible á idea na que a obra se basea. O que máis chamou a miña atención é o final, chegoume a dar pena que o protagonista remate nun lugar coma un manicomio simplemente por pretender levar unha vida tranquila sen ser controlado polo Estado. Creo que este final rompe coas expectativas que se lle crean ó lector sobre como podería finalizar unha historia como esa. **(Jesús)**

8. O libro *Maldito DNI* non me gustou nada... Pareceume que trata ser de misterio ou intriga, pero que en ningún momento o consegue. O argumento dentro do que cabe é orixinal: un home que finxe a súa morte para que ninguén o volva molestar e poder vivir o resto dos seus anos en paz... Sen embargo, paréceme que se monta demasiado lío con iso do policía, logo cando os denuncia, ao final cando intenta agredir á muller e finalmente cando remata nun psiquiátrico. Semella que o autor tiña prisa por rematar o libro, porque sobre todo ao final faino todo moi ás carreiras, xa non coida tanto o detalle como ao principio do libro, senón que o conta todo moi rápido e de modo que non dá ningunha explicación a nada... Aspectos bos? Creo que de momento non lle atopei ningún... Pero en resumo é unha lectura que non gocei, nin me enganhou nin me gustou en ningún momento. **(Cora)**

9. Trátase dun libro cando menos orixinal. A pesar que a trama sexa do máis simple e practicamente carece de intriga, resulta un libro interesante polo argumento que expón, xa que moitas veces preguntámonos que sería vivir sen o DNI e se seríamos felices. Porén, o libro non deixa lugar a dúbidas: carecer de DNI na sociedade actual só pode causar problemas debido á sociedade tan burocratizada e informatizada na que vivimos e na que dalgunha maneira estamos atados aos nosos papeis e documentos. Iso é precisamente o que lle ocorre ao protagonista: desfacerse do DNI só lle provoca problemas, tanto coa súa muller como coa xustiza e aínda por riba acaba ... Falando do final pareceume un tanto apresurado e como ben din varios compañeiros parece que o autor tivera moita présa por rematar o libro tal como ocorre en moitos outros libros. No referente a outras cousas do libro convén subliñar algunhas situacións que resultan graciosas como a do cura e o portugués, así como o enterro e as situacións ás que se ten que enfrontar a súa esposa con tal de defender o seu home. Tamén cabe destacar os valores que aparecen no libro como os que demostra o capitán Montero ao tratar de restituír a súa honra e demostrar a valía que fora posta en dúbida polo seu xefe e ao aparecer nos xornais tamén polo pobo en xeral. Na miña opinión persoal é un libro interesante polo argumento que expón, as súas consecuencias e o que nos demostra, pero que non pasa diso. (Jorge)

10. *Maldito DNI* é un libro de fácil lectura que nos planea cómo sería a vida dunha persoa sen Documento Nacional de Identidade. Para desenvolver esta idea o autor narra a historia dun home que quere simular a súa morte para vivir á marxe da lei. O motivo que o leva a facer isto é o de vivir os 30 anos que lle quedan de vida sen os atrancos da burocracia moderna que, segundo el, só serven para controlar as nosas vidas. Non obstante, dende que don Olimpio simula a súa morte, todo son problemas e atrancos, e lonxe de admitilo, di que é o mellor que lle pasou na vida, mostrando os primeiros síntomas de loucura. Nin sequera os seus fillos saben que está vivo e vese obrigado a permanecer encerrado na súa casa coa única compañía da súa muller, é descuberto por un axente da garda civil de tráfico, e resulta ser o único beneficiario dunha herdanza multimillonaria que só poderá cobrar como persoa viva. Ó final non logra vencer á administración e é descuberto e internado nun hospital psiquiátrico. Penso que a obra é unha reflexión sobre a importancia que teñen os documentos na nosa vida, as vantaxes que nos ofrecen e a imposibilidade de vivir sen eles. Non só serven para que esteamos controlados pola lei, senón que tamén poden salvarnos a vida, como é no caso dos documentos médicos. Tamén se demostra, a través do que lle acontece ó protagonista, que é imposible vivir á marxe da lei. Na miña opinión, o libro está moi ben, non tanto pola historia, que en ningún momento logra o efecto de intriga buscado e ten unha trama moi previsible, senón pola idea que presenta. (Iago)

11. Decidín ler este libro porque me parecíame bastante orixinal o tema que trataba, sen embargo, decepcionoume bastante. Non é que esperara moito deste libro, pero pensei que polo menos ía ter un pouco de intriga. Como din moitos dos meus compañeiros, o libro tenta manter un estado de tensión no lector que, ao meu parecer, non o consegue nin por asomo, aínda que recoñezo que nalgunhas partes rin por certos detalles. O que resaltaría do libro é o final, xa que a presentación e o nó parecéronme do máis sinxelos. Na miña opinión o desenlace ten un aspecto bo e un malo. O bo é que non creo que ningún lector pensase nin por asomo que ..., nin que..., simplemente todos pensamos que é un personaxe singular e bastante raro.

E o malo, como tamén din meus compañeiros, é que o final está escrito ás presas. Semella que ó autor se lle fixera tarde e decidira acabar canto antes co libro. En resumo, quíxenlle dar unha oportunidade ao libro, dínlla, pero ó final, non me gustou nada. (**Andrea**)
